


MANEXO DO MICROSCOPIO

Observa o debuxo :

1. Lente ocular: lente pola que observas.
2. Lentes obxectivo: lentes de distinta potencia, x4, x10, etc
3. Revólver: xira para cambiar a obxectivos de máis aumentos
4. Platina: superficie furada onde se coloca o portaobxectos coa preparación a observar.
5. Parafuso macrométrico: move a platina
6. Parafuso micrométrico: move a platina
7. Interruptor iluminación

Para observar co microscopio:

1. Platina na posición máis baixa e obxectivo 4X.
2. Coloca a preparación centrada no orificio da platina.
3. Mirando dende o exterior sube a platina xirando o parafuso macrométrico.
4. Mirando polo ocular enfoca, movendo con coidado o parafuso micrométrico.
5. Xira o revólver (sen tocar ningún parafuso) para cambiar de obxectivo e volve enfocar co parafuso micrométrico.



ACTIVIDADE 1

- A. Debuxa unha letra "e" nun anaco pequeno de papel, colócaa sobre o porta e obsérvaa ao microscopio. Sinala como a ves
 - a. Tal como a debuxaches
 - b. Como imaxe especular
 - c. Invertida
 - d. Dobremente invertida
- B. Move a preparación cara a dereita ¿ cara que lado se move a letra?
- C. E se a moves cara diante?
- D. Xira o revólver para cambiar a un obxectivo de maior aumento: cambia a letra de posición?
- E. Con este segundo obxectivo, ves a letra enteira o pola contra ves parte dela? En este caso, como é o área de observación, maior ou menor?
- F. Debuxa o "e" nun dos deus dedos e obsérvaos ao microscopio. Que ocorre? Que conclusións podes sacar?
- G. Debuxa nun papel dous puntos pegados e obsérvaos ao microscopio. Que ocorre?